

# TODO PÚBLICO

Las artes escénicas  
para todas las edades

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS  
ESCOLARES CURSO 2021/2022

**PRIMAVERA 2022**

• Esta programación está pensada para escolares a partir de 4 anos.

- Cada grupo só se poderá inscribir nunha única obra de teatro durante o curso 2021/2022. **Os grupos que xa asistiron no outono non se poderán inscribir nesta nova convocatoria.**
  - Cada grupo escolar deberá estar acompañado por unha persoa responsable do seu centro.
- En cada sesión só asistirán grupos dun mesmo centro escolar, de grupos ou ciclos “burbulla”; polo que, **é aconsellable inscribir o maior número de grupos posibles nunha mesma función.**
  - A capacidade máxima será a que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.
    - Todas as funcións terán lugar no **Forum Metropolitano**.

## INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un **TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO**. Este traballo debe de orientarse, polo menos, nunha dirección: reflexionar sobre o que significa asistir a un espectáculo teatral.

## NORMAS DE PREVENCIÓN DO CORONAVIRUS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO POLOS CENTROS E GRUPOS DE ESCOLARES

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade e se absteñan de enviar aos espectáculos aos grupos no caso de calquera mínima sospeita de enfermidade e que o profesorado comunique previamente ao alumnado as normas a seguir e actúe con responsabilidade.

- Non asistir a esta actividade con febre (> 37°) ou con síntomas propios do coronavirus.
- Manter 1,5 metros de distancia de seguridade con outras persoas tanto nos accesos como no interior do edificio.
- É obrigatorio utilizar a máscara (excepto no supostos contemplados na normativa vixente) para acceder e desprazarse polo edificio e durante o espectáculo.
- Lavar as mans con xel hidroalcohólico antes de entrar no auditorio e limpar os pes na alfombra desinfectante.
- Usar os aseos só en caso de extrema necesidade.
- Seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.

Estas normas poderán variar en función das medidas que podan ditar as autoridades sanitarias en función do desenvolvemento da pandemia do Covid-19 na nosa cidade ou na Comunidade Autónoma.

## BENVIDOS AO TEATRO!

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, organizará a saída ordenada e tentará solucionar as incidencias que se poidan presentar.

Co fin de garantir que o programa de teatro escolar se desenvolva en condicións óptimas de seguridade sanitaria polo coronavirus, sen que perda a súa esencia e calidade, temos implantadas todas as medidas hixiénico-sanitarias previstas na lexislación vixente e outras adoptadas expresamente para o programa escolar:


- **En cada sesión só asistirán grupos dun mesmo centro escolar. Se a evolución da pandemia o permitise, poderíamos adxudicar máis dun centro por función (sempre co consentimento da dirección dos centros correspondentes).**
  - O alumnado sentarase á distancia prevista pola lexislación sanitaria vixente.
  - O aforo máximo será o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.
  - Realizarase a limpeza e desinfección do auditorio antes e despois de cada función.
  - Hai instalados puntos de hixiene dotados con dispensador de xel hidroalcohólico, papeleira con tapa e pedal e alfombra desinfectante á entrada do auditorio.
  - Todo o persoal de produción (control de entrada, acomodadores, xefa de sala, persoal técnico e de limpeza) levará en todo momento máscara, con excepción dos artistas durante o tempo de execución do espectáculo.

## DÁMOSLLES UNHAS SINXELAS PAUTAS A SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO:

- 1) A hora salientada no billete de entrada é a hora de inicio da función.
- 2) Agradécese puntualidade. Para elo, é aconsellable chegar ao Forum con 10 ou 15 minutos de antelación.
- 3) Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán á sala portando cada unha a súa entrada.
- 4) Unha vez comezado o espectáculo, non se permitirá o acceso á sala.
- 5) Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- 6) Non está permitido sacar fotos nin gravar durante á función. Se queren unha foto de grupo, poderán sacala ao termo da función, previo aviso a xefa de sala.
- 7) Tampouco está permitido comer nin beber no auditorio.
- 8) Vimos todos/as divertirmos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.

## ACCESO AO FORUM METROPOLITANO

En autobús débese acceder sempre desde a avenida de Oza en sentido de baixada (no gráfico tes as opcións de como facelo), para chegar a rúa Rio Monelos. Desta forma os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Forum. Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.





## EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (1º e 2º curso)

**19 e 20 de maio de 2022**  
**ás 10:00 e 12:00h**

Eugenia Manzanera (C.de Madrid)

### CON LA CABEZA EN LAS NUBES



Dunha cabeza que se pasca polas nubes podes esperar calquera cousa: un mandil que é unha torre, unha luva que é un coello que leva un despertador, unha folla de papel que nada e é moito á vez. Contos de nunca acabar, disparates, contos con ritmo, con vento, contos que se comen, contos que se cantan...historias varias e variadas, contos curtos, contos longos, en prosa en verso. Imaxinación con moito humor, xogos de palabras e de mans... un estilo propio de estar sobre o escenario e comunicarse co público... Todo isto e moito máis é "Con la cabeza en las nubes", é un espectáculo que quere facer que o público familiar faga voar a súa imaxinación e os seus sorrisos. Aquí espéroche, comendo un ovo...

<https://youtu.be/12ug8TTDxZ4>

DIRECCIÓN: EUGENIA MANZANERA  
INTÉRPRETES E MANIPULADOR: EUGENIA MANZANERA  
DURACIÓN: 50 MIN - IDIOMA: CASTELÁN  
CONTACTOS CON OBJETOS E CANCIÓNS

**2 e 3 de xuño de 2022**  
**ás 10:00 e 12:00h**

Omar Álvarez (Arxentina)

### TIC TAC, EL HÉROE DEL TIEMPO



Cada mañá, Tic Tac, un antigo reloxo despertador, dá corda á súa entrañable colección de reloxos en cuxo interior se atesouran e resgardan momentos felices. Repentinamente, verase ameazado ao recibir un tentador obsequio da ambicioso Wifi, un modernísimo teléfono, que detrás da súa inocente aparencia, oculta intereses perigosos que complicarán a súa existencia.

"Tic Tac, el heroe del tiempo" é o novo espectáculo sen palabras do titiriteiro Omar Álvarez, quen, combina delicados monicreques creados a partir de obxectos cotiáns, con proxeccións realizadas en stop-motion (técnica de animación fotográfica, cuadro por cuadro), proponendo unha romántica aventura chea de emoción, humor e poesía visual, que cativará a públicos de todas as idades.

<https://youtu.be/HWkVqwM7JPQ>

AUTORÍA E DIRECCIÓN: OMAR ÁLVAREZ  
INTÉRPRETES E MANIPULADOR: OMAR ÁLVAREZ  
DURACIÓN: 45 MIN - ESPECTÁCULO SEN PALABRAS  
MONICREQUES DE MESA, OBXECTOS E ANIMACIÓN STOP-MOTION

## PRIMARIA (1º e 2º curso)

**31 de marzo e 1 de abril de 2022**  
**ás 10:00 e 12:00h**

Teatro O Cubo (Galicia)

### NINGURES



Rita e Denis coñécense nas portas de Ningures. Levan moitos anos perseguindo este lugar. Imaxinaron e soñaron con esta ansiada meta en numerosas ocasións e preparáronse arreo para cando chegara o día. Cando por fin o conseguen atopan o que parece un obstáculo insuperable: tras esas portas aparentemente non hai nada. É no encontro inesperado, na convivencia, na sinceridade, no xogo, nas eivas ao descuberto, na superación dos medos, na amizade e na aprendizaxe onde atoparán o sentido de ter chegado tan lonxe. Conseguirán entrar?.

Teatro Ó Cubo ponlle porta a Ningures. Un lugar imaxinario ideal desde onde trazar un camiño sen fin que atravesa mundos maravillosos, unha senda que ninguén debería abandonar xamais: a aprendizaxe.

<https://www.youtube.com/watch?v=UUJqS9zjh8&t=3s>

DIRECCIÓN E AUTORÍA: ROBERTO CASAL MOURIÑO E SOFÍA ESPÍNEIRA  
INTÉRPRETES: SOFÍA ESPÍNEIRA E ROBERTO C. MOURIÑO  
DURACIÓN: 50 MIN - IDIOMA: CASTELÁN  
TEATRO FÍSICO, DANZA, OBXECTOS E MONICREQUES

## PRIMARIA (1º, 2º, 3º e 4º curso)

**10 e 11 de febreiro de 2022**  
**ás 10:00 e 12:00h**

Teatro Paraíso (País Vasco)

### ÚNIKO



Paul é fillo único e o rei da súa casa. O nacemento da súa irmá Irati provocará que un medo íntimo a deixar de ser querido apodérese del ameazando a estabilidade familiar.

Úniko é un espectáculo para todos os públicos a partir de 6 anos que pretende ser un reflexo do que os celos polo nacemento dun irmán poden provocar nun neno e na súa contorna. Mesturando as técnicas do monicreque e do teatro máis realista expomos o inquietante tema dos celos, mirándoos de fronte en toda a súa cruza, aínda que sen perder nunca o sentido do humor. recoñecidos.

Esperamos que sirva para pasar un bo rato e, de paso, reflexionar todos xuntos acerca de temas como a convivencia, a educación, a autoestima, a tristeza ou o apego.

<https://www.facebook.com/TeatroParaiso/videos/%C3%BAniko/193243651959983/>

AUTOR E DIRECTOR: IÑAKI RIKARTE  
ACTOR E MANIPULADOR: TOMÁS FERNÁNDEZ ALONSO, AINARA UÑANUE E MAITE BAYON  
DURACIÓN: 55 MIN - IDIOMA: CASTELÁN  
TEATRO DE ACTORES E MONICREQUES DE MANIPULACIÓN DIRECTA

## PRIMARIA (3º, 4º, 5º e 6º curso)

**26 e 27 de maio de 2022**  
**ás 10:00 e 12:00h**

El espejo negro (Andalucía)

### CRIS, PEQUEÑA VALIENTE



"Cris, la pequeña valiente" é a historia de Cristina, unha nena que ao nacer pensaron que era un neno. Si, un neno... Ela nunca sentiu neno. Desde sempre sentiu nena e así llo fixo saber aos seus pais desde moi pequeniña. Cris, que así lle gusta que a chamen, é unha nena trans, risueña e intelixente, que loita polo seu dereito para ser a persoa que é e sente. Desexa ter un futuro repleto de liberdade e oportunidades, para poder crecer e desenvolverse, como calquera outra nena da súa idade.

A historia dunha nena que loita por ser quen é e ser o que sente. Un relato cheo de superación, amor e fantasía.

\* PREMIO FETEN 2021 AL MEJOR ESPECTÁCULO.  
\* 1º PREMIO DO PÚBLICO DA 37ª MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA 2021.  
\* PREMIO ESPECIAL DEL JURADO 2021 DA 38ª EDICIÓN FERLIA ARTES ESCÉNICAS PALMA 2021

<https://vimeo.com/512480858>

DIRECCIÓN E AUTORÍA: ÁNGEL CALVENTE  
INTÉRPRETES: CRISTINA JIMÉNEZ, CARLOS CUADROS E YOLANDA VALLE  
DURACIÓN: 65 MIN - IDIOMA: CASTELÁN  
TEATRO DE ACTORES E MONICREQUES DE MANIPULACIÓN DIRECTA

**5 e 6 de maio de 2022**  
**ás 10:00 e 12:00h**

Pedras de Cartón (Galicia)

### QUIXOTE



"Quixote" é un xogo cómico inspirado na coñecida obra de Cervantes. Un espectáculo para achegar os clásicos a toda a familia con humor e case sen palabras, no que Don Quixote viaxa polas terras de Castela co seu velocípedo, acompañado do fiel Sancho e un triciclo cargado de maletas.

O segundo espectáculo de Pedras de cartón traballa, de esta volta, cunha estética achegada ás películas de pallasos de Fellini.

\* PREMIO BARROCO INFANTIL NO XLIV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CLÁSICO DE ALMAGRO.

<https://youtu.be/raKP724y76o>

DIRECCIÓN E ADAPTACIÓN: LAURA SARASOLA  
INTÉRPRETES: JUAN RODRÍGUEZ E PABLO SÁNCHEZ  
DURACIÓN: 50 MIN - ESPECTÁCULO SEN PALABRAS  
TEATRO XESTUAL

## PRIMARIA (5º e 6º curso)

**3 de marzo de 2022 ás 10:00 e 12:00h e**  
**4 de marzo de 2022 ás 10:00 h**

Teatro do Noroeste (Galicia)

### FEIRANTES



"Feirantes" é un espectáculo teatral baseado nas narracións de Álvaro Cunqueiro recollidas no seu libro "Os outros Feirantes". Como se sabe, nestas narracións aparecen reflectidas as andainas de diversas e curiosas personaxes: aquel que falaba co seu cabalo; o outro ó que lle falaban as cousas: as cadeiras, as zocas, a culler, o seu propio estómago; aquela voadora de Serantes que voaba sentada nunha banqueta; aquela Anxeliña de Prado que naceu anana, pero cunha habilidade, bordar panos con lendas para os velorios: "¡Adeus, padriños queridos!", "¡Agárdovos a todos no ceo!", "¡Deica volta, compañeiros!", e cousas así.

<https://www.youtube.com/watch?v=96mnv01xhR4>

DIRECCIÓN E ADAPTACIÓN: EDUARDO ALONSO  
INTÉRPRETE: IMMA ANTÓNIO  
DURACIÓN: 50 MIN - IDIOMA: GALEGO  
MONÓLOGO TEATRALIZADO

#### ENTRADAS:

O PREZO DO BILLETE DE ENTRADA por alumna/o é de 2,00 € e gratuíta para o profesorado acompañante.

#### INSCRIPCIÓN E VENDA DE ENTRADAS

En liña a través da páxina web educativa: [www.edu.coruna.es](http://www.edu.coruna.es), a partir do **luns 17 de xaneiro** para os centros do municipio e para os centros de outros municipios a partir do **xoves 20 de xaneiro**. (Para resolver dúbidas coa ficha de inscrición da web no teléfono 981 902 327 ou [educoruna@balidea.com](mailto:educoruna@balidea.com)).

#### RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS:

As entradas deben ser retiradas e aboadas no prazo dende a data da comunicación da adxudicación e os 3 días hábiles antes do espectáculo.

- No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaranse as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
- As entradas recolleranse na billeteira do Forum Metropolitano, con cita previa (chamando ao teléfono 981 184 297).
- Recoméndase o pagamento mediante tarxeta de crédito.
- No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas o aumentalas se quedan prazas vacantes.
- Permitirase un máximo dun 10% de devolucións, sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. O importe será devolto ao termo da función. E no caso de que foran aboadas con tarxeta de crédito terán que presentala.
- A factura será enviada ao centro posteriormente á sesión.
- No caso de peche de aulas polo Covid-19, o importe das entradas será devolto, sempre e cando se comunique con 48 h de antelación á función.